

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Currás Valle, Consuelo  
Ferro Soto, Carlos Antonio  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Montero Reguera, José Francisco  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Torres Romay, Emma

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Angeles  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Barbeito Pérez, Sara  
Carro Parafita, Pedro Manuel  
Diz Folgar, Manuel  
Gil Hidalgo, Paula  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Rúa Estévez, José Manuel  
Vázquez Alonso, Aroa

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan  
Estévez Orge, Marcos  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de decembro de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 21 de decembro de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de novembro de 2021.**

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta.

Apróbase por asentimento a acta.

**2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Toma de posesión dos novos profesores titulares.
- Informe favorable do plan de financiamento do SUG no Consello Galego de Universidades.
- Asinado Convenio de equipamento científico-técnico:
  - USC: 3.263,642 €
  - Uvigo: 2.766.817 €
  - UdC: 917.520 €
- Horario especial de bibliotecas en decembro/xaneiro.
- A Deputación de Pontevedra financia un estudo sobre microplásticos en invertebrados de auga doce en dous ríos da provincia.
- Consellos reitores dos centros interuniversitarios: ECOBAS, CISPAC e CITMAGA.
- Presentación do libro homenaxe ao profesor Deaño.
- O profesor da Universidade de Vigo, Burghard Baltrusch impartiu a conferencia inaugural do Congreso Internacional sobre Saramago.
- Agasallo ás persoas con mellores expedientes.
- O programa “Ciencia de ida e volta”: sete meses de divulgación científica.
- Jorge Luis Bueno gaña o Premio Nacional á mellor tradución da Asociación Española de Estudos Anglo-Norteamericanos.
- A revista ‘Viceversa’ publica un monográfico sobre a Xela Arias tradutora.
- Laura Movilla recibe en Corea o Drop Award, polo seu traballo sobre o réxime xurídico dos acuíferos transfronteirizos.
- A UVigo lanza os seus propios premios nacionais sobre tradución de videoxogos.
- Está celebrándose o congreso TechLing2021 na UVigo.
- O proxecto Caminito de UVigo SpaceLab gaña o certame europeo do Copernicus Masters da Axencia Espacial Europea.
- Alberto Gago, membro da Real Academia Galega de Ciencias.
- Celebración do Concerto de Nadal no Auditorio Municipal de Ourense.



### **3. Aprobación, se procede, da declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra a fraude.**

O reitor explica que a declaración deriva dunha esixencia do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). A Universidade de Vigo, ao recibir fondos do PRTR, ten a condición de «entidade executora» conforme á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR (BOE do 30 de setembro) e, polo tanto, deberá contar obrigatoriamente cun «plan de medidas antifraude».

As cantidades que se estiman recibir destes fondos, en principio, son as seguintes:

- Unidigital: 1.304.492 €
- Adquisición de equipamento científico-técnico (infraestruturas): 3.518.392 €
- Fondo de recualificación e resiliencia (RRHH): 5.431.335 €
- Plan complementario de I+D+I coas comunidades autónomas (BOE do 18 de novembro do 2021):
- Laboratorio cuántico: 7.600.000 €
- Ciencias mariñas: 1.200.000 €

Esta declaración institucional, como mostra do compromiso da Universidade de Vigo de «tolerancia cero» contra a fraude, é un primeiro paso para dispoñer proximamente dun Plan de medidas antifraude. Aínda que noutras Universidades a asina o reitor, parece mellor, consonte aos nosos Estatutos que a aprobe aquí o Consello de Goberno.

Apróbase, por asentimento, a declaración antifraude.

### **4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2022.**

O reitor indica que os puntos 4 e 5, aínda que se aproben por separado, serán obxecto de debate conxunto, por estar intimamente vencellados, e cede a palabra ao vicerreitor de Economía que indica o seguinte:

#### • ESCENARIO ORZAMENTARIO

Comentar o de todos os anos. Este é o marco legal dentro do cal temos que elaborar os orzamentos da UVIGO.

#### • EVOLUCIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA DA UVIGO

Neste aspecto o primeiro que hai que dicir, como acabamos de comentar, é que se acaba de aprobar polo Consello Galego de Universidades o novo Plan de financiamento para o período 2022-2026. Como os orzamentos foron elaborados con anterioridade descoñecíase a distribución final por subfondos e a súa evolución.

Por este motivo, as estimacións realizadas no orzamento baseáronse nas últimas reunións que se mantiveron no SUG coa Xunta de Galicia e que o 99,9% reflicten o recollido no plan que se acaba de aprobar.

Neste senso, para o ano 2023 esta distribución por subfondos será actualizada de acordo coa proposta final do plan de financiamento 2022-2026.

En consecuencia, as achegas do Plan de financiamento á Universidade de Vigo estimamos que crezan un 4.6% respecto ao ano anterior, incluíndo a subida salarial do 2% para o próximo ano, acadando os 121.940.754€

- ORZAMENTO 2022

- INGRESOS

Estimamos para o exercicio 2022 un orzamento de ingresos por valor de 198.676.372€.

Esta contía supón un crecemento do 7.6% respecto ao do exercicio 2021.

Este importe é debido ao seguinte:

- Incremento dos fondos derivados do Plan de financiamento 2022-2026.
- Incremento de fondos para investigación e infraestruturas científicas derivados en gran parte polo fondo de recuperación, transformación e resiliencia.
- Convenio de I+D+i coa Xunta de Galicia.

Por outra banda, destacar que si comparamos o orzamento non afectado para o ano 2022 co do ano 2021, este incrementase en 4.761.836 € o que supón un 3.16% de crecemento, debido como comentei anteriormente ao incremento do Plan de financiamento que inclúe a subida salarial do 2%.

Isto tradúcese en que a Universidade de Vigo contará en 2022 co orzamento estrutural máis alto da súa historia cun importe de 155.568.008 €. Este incremento no orzamento confirma a senda de estabilidade orzamentaria da institución académica e a súa capacidade de funcionamento pleno no futuro contexto, e permitirá seguir avanzando nos eixos estratéxicos do programa de Goberno, especialmente centrados nas persoas.

O global das contas, no que hai que sumar a este orzamento estrutural o financiamento afectado (asignada especificamente a proxectos ou investimentos dependentes de convocatorias de terceiros), ascende a 1.987 millóns de euros.

Unha cantidade á que aínda habería que engadir outras partidas pendentes de confirmar pola Unión Europea pero que estimamos que non sexa inferior a 7 millóns de euros, polo que o montante total de ingresos poderá superar os 200 millóns de euros, o orzamento máis alto da historia da universidade.

En canto aos ingresos por capítulos merece a pena resaltar o seguinte:

- Capítulo III (Taxas, prezos públicos...). Este capítulo presenta un incremento do 1.47% debido a que se espera unha recuperación da economía que levará aparelado un incremento de usos dos centros de investigación e actividades deportivas.
- Capítulo IV. Incremento do 7.83% debido ao comentado anteriormente do Plan de financiamento e axudas externas.
- Capítulo V (Ingresos Patrimoniais): mantense estable.
- Capítulo VII (Transferencias de capital). Como comentamos anteriormente o incremento neste capítulo vén derivado de maiores fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e do Convenio de I+D+I da Xunta de Galicia.
- Capítulo VIII (variación de activos financeiros). Redúcese debido a que se incorporan menos remanentes a proxectos europeos prefinanciados.

Porcentaxe de cada capítulo no orzamento total de ingresos.

Destaca o incremento das transferencias de capital polo incremento das axudas externas.

#### ■ GASTOS

No capítulo I, de gastos de persoal, continuamos a ter a principal partida de gasto, cun 61.5% do total do orzamento e un importe de 122.361.464 €, o que supón un incremento do 4.73%.

A xustificación deste cambio está en varias causas:

- Incremento salarial do 2% reflexado nos orzamentos do Estado para o exercicio 2022.
- Sexenios de transferencia.
- Abono TOTAL do complemento específico das pagas extras do PDI, segundo o compromiso do equipo de goberno.
- Novas políticas de profesorado e PAS.

O capítulo II, de subministracións e servizos, sobe un 2.13%, destacando que este incremento é inferior ao IPC previsto, o que demostra unha política eficiente na contención de gastos por parte da universidade (eficiencia enerxética, boas negociacións con provedores, eficiencia nos pregos técnicos de licitación ...).

O capítulo III. Baixan un 42% debido a que no 2022 orzamos unha cantidade real suficiente, mentres que no 2021 orzouse un tope máximo derivado de dúbidas sobre devolucións do IBI e outras axudas.

O capítulo IV, de transferencias correntes, presenta unha subida do 12.67%, acadando un valor de 7.226.024€. A explicación está:

- Incremento de estadías do PDI.
- Bolsas do Fondo de Resiliencia (recualificación) para o PDI.
- Bolsas mobilidade de proxectos de cooperación educativa.

- Con todo, polo que se refire aos recursos propios, o esforzo da universidade mantense nas cifras dúas exercicios anteriores.

No capítulo VI, a subida ven explicada polos fondos finalistas destinados a infraestruturas de investigación(3.518.392€) e outras axudas do fondo de recuperación, transformación e resiliencia.

O capítulo IX, de pasivos financeiros, redúcese un 30,43% grazas á finalización de préstamos reintegrables (herdamos un montante total de 7.7 millóns dos cales 5.3 millóns eran do Campus do Mar). Mentres que as cotas do Campus do Mar incrementáanse ano a ano a dos parques científicos redúcese moito para o 2022.

Porcentaxe de cada capítulo no orzamento total de gastos.

Destacar o capítulo I cunha porcentaxe igual o 61.59%, minorándose 2 puntos con respecto ao ano anterior, o que significa a capacidade que ten a Uvigo para seguir acadando recursos externos de forma competitiva.

En conclusión, os orzamentos elaborados neste último ano de mandato van na liña dos anteriores co obxectivo de cumprir o programa electoral co cal nos presentamos ás eleccións. É dicir, a parte doutros aspectos, estes orzamentos seguen apostando e priorizando o gasto en persoal para finalizar no noso cuarto ano aspectos como:

- estabilización do persoal
- baixada a 280 horas de docencia do profesorado
- baleirado da bolsa de catedráticos e titulares de universidade
- convocatoria de contratados doutores e axudantes doutores
- captación de talento novo
- axuste salarial das figuras predoctorais
- pago íntegro de complemento específico das pagas extras
- funcionarización do PAS laboral,
- así como garantir a obrigada subida salarial.

E avanzar noutros como:

- recoñecemento de quinquenios e sexenios aos axudantes doutores
- recoñecemento progresivo de antigüidade ao persoal investigador

Este exercicio de 2022 supón un inicio de ciclo ao que a Universidade chega cunhas contas saneadas, co cumprimento de todos os criterios de estabilidade orzamentaria e presentando nas súas liquidacións un superávit estrutural desde 2014. Neste sentido, a xestión económica da UVigo mantén firmes unhas coordenadas que pasan polo mantemento do equilibrio orzamentario e o estrito cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagos, así como a incentivación da captación de

recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en distintos campos da actividade universitaria.

Concluída a exposición, Edita de Lorenzo comenta que o incremento de masa salarial ten un custo e pregunta, malia que se estean a cumprir os compromisos electorais, se se está asemade a cumprir coas normas vixentes a este respecto. O vicerreitor de Economía entende que a Xunta o advertiría se non se cumprise coa normativa, dada a política de fiscalización das contas públicas que existe. Nos case catro anos de Goberno non houbo advertencias a este respecto. Respecto da incerteza que pode xerar o capítulo I (persoal) que subiu mais de 19 millóns de euros, explica que o incremento se debe ás novas políticas de persoal (uns 7 millóns de euros), pero que os outros incrementos teñen diversas fontes, que detalla, e que se reflicten nese capítulo, en particular, as subidas salariais moitas veces esixidas pola normativa vixente. Insiste no cumprimento da normativa vixente. O reitor sinala que na transparencia se advirte a suba respecto de gastos de persoal, algúns definitivos e outros continxentes, tradución de certos aspectos nos que, ao seu entender, están a facerse as cousas ben. Somos a Universidade galega que gasta menos porcentaxe de masa salarial dos seus orzamentos, e por debaixo da media española. Entende que todos os equipos anteriores e o actual teñen cumprido estritamente cos compromisos económicos. O vicerreitor de Economía engade outros datos que completan a resposta do reitor. Edita de Lorenzo agradece as aclaracións e pregunta polo incremento por matrículas esperable para o ano que ven e pregunta se efectivamente vai ser así, dadas as perspectivas de baixa natalidade e pregunta se estamos a ser excesivamente optimistas. O vicerreitor aclara este punto, indicando que non falaba de incremento de matrícula, se non de outros aspectos e comenta as previsións da Xunta de ingresos por matrícula nos próximos oito anos, que si serán de incremento, malia que non se reflicte nos orzamentos (aínda que haberá un descenso a partir do ano dez). Edita de Lorenzo continúa preguntando polo gráfico de gastos correntes da páxina 65. O vicerreitor responde que se debe ao cambio contable no xeito de consignar as partidas no ano 2019 e da paso a Rodrigo Cerviño, para que dea unha explicación técnica a este respecto. Edita de Lorenzo pregunta se nos ten que preocupar a gráfica e Rodrigo Cerviño sinala que a día de hoxe non, o que hai que ver é a tendencia da curva. Edita de Lorenzo indica que baixaron os remanentes non afectados e que as cantidades que se pagan por préstamos non é tan alta como a perda que se adiviña. Pregunta se temos que preocuparnos. O vicerreitor de Economía agradece a pregunta e responde que os fondos líquidos efectivamente diminuíron, pero explica a que se debeu, xustificándoo tecnicamente. O Ministerio e a Xunta nos deben aproximadamente quince millóns de euros de infraestruturas e xustificacións que aínda non nos pagaron. O resto se debe á devolución dos préstamos reintegrables, en particular, o préstamo do Campos do Mar, que aínda debe devolverse durante case oito anos mais. Se non fora por iso, teríamos o mesmo remanente que cando entrou o actual equipo de goberno en 2018. Estamos a pagar exclusivamente o que herdamos en débeda, segundo explica o vicerreitor de Economía. Edita de Lorenzo agradece as explicacións. O reitor agradece as preguntas e a intervención de Edita de Lorenzo.

Xoán Cebro insiste no dereito á carreira administrativa do PAS e o pagamento das pagas extra que xa sinalara no derradeiro Claustro. Comenta sobre as ratios que marcan a calidade do servizo público do PAS na UVigo respecto das outras Universidades, indicando que as nosas son mais baixas en canto a número de efectivos e gasto no sector PAS, por debaixo da media nacional e do SUG. O reitor sinala que os cadros de persoal en PDI e PAS están por debaixo da media e que se precisa unha mellora dos

servizos, o que formará parte da campaña electoral. Pensa que debemos mellorar as ratios e achegarnos mais arriba, dado que, entre outros aspectos, computa nos rankings e clasificacións de Universidades; coidando iso si os aspectos económicos en xeral e a masa salarial en particular. Indica que xa se comprometeu no Claustro a facer un estudo sobre as propostas. Conclúe pedindo a aprobación por asentimento dos orzamentos.

Apróbase, por asentimento, o proxecto de orzamentos.

#### **5. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2022.**

O reitor cede a palabra novamente ao vicerreitor de Economía, quen indica o seguinte:

Tal como establece o R.D. Lei 14/2012 de 20 de abril, “de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo” a Universidade debe aprobar un límite de gasto para o exercicio 2022. Para elo, e dado que o R.D. Lei non establece un método de cálculo, teranse en conta o límite porcentual aprobado pola Xunta de Galicia no Parlamento o pasado 3 de agosto de 2021 que establece un crecemento do teito de gasto nun 6,00% do P.I.B.

Débese ter tamén en conta o novo plan de financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG) para o período 2022-2026 e os fondos finalistas acadados pola Universidade. Con base en todo elo podemos establecer o seguinte cálculo para o límite máximo de gastos non financeiro que a Universidade podería aprobar:

	2.021	2.022
TOTAL GASTO	184.640.912,00 €	198.676.372,00 €
TOTAL AFECTADO	-33.834.740,00 €	-43.108.364,00 €
TOTAL CAPITULOS VIII E IX NON AFECTADOS	-140.000,00 €	-140.000,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO	150.666.172,00 €	155.428.008,00 €
BASE CÁLCULO PARA TEITO GASTO	149.868.975,00 €	150.666.172,00 €
MARGEN AUTORIZADO SOBRE EX. ANTERIOR	14,90%	6,00%
INCREMENTO AUTORIZADO	22.330.477,28 €	9.039.970,32 €
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	172.996.649,28 €	164.467.978,32 €

A proposta de orzamento para o exercicio 2022 queda como segue:



### Resumen por capítulos do ingreso do ORZAMENTO 2022

Capítulo de Ingresos	Afectado	Non afectado	Importe Total
3	430.000,00 €	16.703.000,00 €	17.133.000,00 €
4	16.937.648,00 €	122.906.204,00 €	139.843.852,00 €
5	- €	230.000,00 €	230.000,00 €
6	- €	400.000,00 €	400.000,00 €
7	20.861.126,00 €	7.403.000,00 €	28.264.126,00 €
8	4.879.590,00 €	7.925.804,00 €	12.805.394,00 €
TOTAL	43.108.364,00 €	155.568.008,00 €	198.676.372,00 €

### Resumen por capítulos do gasto do ORZAMENTO 2022

Capítulo	Afectado	Non afectado	Importe Total
1	9.048.035,00 €	113.313.429,00 €	122.361.464,00 €
2	4.022.626,00 €	27.343.479,00 €	31.366.105,00 €
3	67.450,00 €	390.000,00 €	457.450,00 €
4	3.209.468,00 €	4.016.556,00 €	7.226.024,00 €
5	- €	300.000,00 €	300.000,00 €
6	25.960.785,00 €	10.064.544,00 €	36.025.329,00 €
7		- €	
8	- €	140.000,00 €	140.000,00 €
9	800.000,00 €	- €	800.000,00 €
TOTAL	43.108.364,00 €	155.568.008,00 €	198.676.372,00 €

En consecuencia, solicítase a aprobación do teito de gasto non financeiro para 2022 por importe de 164.467.978,32 € (cento sesenta e catro millóns catrocentos sesenta e sete mil novecentos setenta e oito euros con trinta e dous céntimos de euro) que tal como establece a normativa non poderá ser sobre pasado.

Apróbase, por asentimento, o teito de gasto.

**6. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade e de Profesorado Contratado Doutor correspondentes a persoal investigador “Ramón y Cajal” con certificación I3, e da creación de prazas correspondentes.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen explica os seguintes cadros:

Áreas seleccionadas para a convocatoria dunha praza de profesorado contratado doutor (OEP 2019)

PAZAS	ÁREA	DPTO.	4. CAMPUS PROVISIONAL*
6. 1	XENÉTICA (420)	BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA (C03)	9. VIGO

Áreas seleccionadas para a convocatoria de dúas prazas de titular de universidade (OEPs 2020 e 2021)

PAZAS	ÁREA	DPTO.	13. CAMPUS 4. PROVISIONAL*
15. 1	TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN (814)	TRADUCCIÓN E LINGÜÍSTICA (H12)	18. VIGO
19. 1	ZOOLOXÍA (819)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	22. VIGO

Apróbase, por asentimento, a selección de áreas.

**7. Aprobación, se procede, da selección de prazas da OPE 2020 creadas na sesión do Consello de Goberno, do 30 de novembro de 2021, a convocar pola cota de discapacidade.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que expón os seguintes cadros:

Quenda xeral:

PAZAS	ÁREA	DEPTO.	CAMPUS
1	Astronomía e astrofísica (038)	Física aplicada (T08)	VIGO
1	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica (065)	Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción (T05)	VIGO
1	Dereito administrativo (125)	Dereito público (X03)	OURENSE



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

1	Ecoloxía (220)	Ecoloxía e bioloxía animal (C04)	VIGO
1	Economía aplicada (225)	Economía aplicada (X06)	VIGO
1	Economía financeira e contabilidade (230)	Economía financeira e contabilidade (X07)	VIGO
1	Edafoloxía e química agrícola (240)	Bioloxía vexetal e ciencias do solo (C02)	OURENSE
3	Enxeñaría eléctrica (535)	Enxeñaría eléctrica (T02)	VIGO
2	Enxeñaría telemática (560)	Enxeñaría telemática (T13)	VIGO
1	Estatística e investigación operativa (265)	Estatística e investigación operativa (C05)	PONTEVEDRA
2	Estatística e investigación operativa (265)	Estatística e investigación operativa (C05)	VIGO
1	Física da terra (398)	Física aplicada (T08)	OURENSE
1	Fisioloxía vexetal (412)	Bioloxía vexetal e ciencias do solo (C02)	VIGO
1	Fundamentos da análise económica (415)	Fundamentos da análise económicas e historia e institucións económicas (X08)	OURENSE
2	Lingüística xeral (575)	Tradución e lingüística (H12)	VIGO
1	Matemática aplicada II (596)	Matemática aplicada II (T17)	OURENSE
2	Nutrición e bromatoloxía (640)	Química analítica e alimentaria (C07)	OURENSE
1	Organización de empresas (650)	Organización de empresas e marketing (X09)	VIGO
1	. Química analítica (750)	. Química analítica e alimentaria (C07)	. VIGO
. 1	. Química física (755)	. Química física (C11)	. VIGO
. 1	. Química inorgánica (760)	. Química inorgánica (C09)	. VIGO
. 1	. Química orgánica (765)	. Química orgánica (C12)	. VIGO
. 1	. Teoría do sinal e comunicacións (800)	. Teoría do sinal e comunicacións (T14)	. VIGO
. 1	. Xenética (420)	. Bioquímica, xenética e inmunoloxía (C03)	. VIGO

Pola cota de discapacidade, unha praza na área de Estratigrafía no Departamento de Xeociencias mariñas e ordenación do territorio (C10) para o Campus de Vigo.

Apróbase, por asentimento, a selección.

#### **8. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2023/2024.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón o seguinte cadro:

Tramitación pola UVigo			
Actividades	Responsable	Datas (2022)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ata o 11 de febreiro	- Envío por <b>mail</b> dos seguintes documentos: <ol style="list-style-type: none"> <li>No caso de solicitudes de verificación, declaración de interese, memoria xustificativa ememoria económica segundo formato normalizado.</li> <li>No caso de solicitudes de modificación, declaración de interese e memoria económica segundo formato normalizado.</li> <li>Poropsta de composición da comisión redactora da memoria</li> </ol>
Difusión á comunidade universitaria	VOAP/SXEG/SXEP		- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP e Consello de Goberno	Ata o 9 de marzo	- Acorde da COAP e do Consello de Goberno
Remisión da documentación da proposta á Reitoría	Secretaría/o do centro	Ata o 10 de maio	- Envío <b>por mail</b> : <ol style="list-style-type: none"> <li>Memoria de verificación segundo formato normalizado.</li> <li>No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións.</li> <li>Memoria xustificativa segundo formato normalizado.</li> <li>Acorde de aprobación da memoria no centro/titulación.</li> <li>Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)</li> </ol>
Exposición pública á Comunidade Universitariao web da Universidade	VOAP/SXEG/SXEP	Mínimo 15 días naturais	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico <sup>1</sup>
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	SXEG/SXEP	Ata o 10 de xuño	- Dende os Servizos revisaranse as propostas - Envío do informe técnico por correo electrónico ás direccións de centros, indicando os aspectos que sedaban matizar ou modificar
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaría/o do Centro	Ata o 20 de xuño	- Envío por mail: <ol style="list-style-type: none"> <li>Memoria de verificación segundo formato normalizado.</li> <li>No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións.</li> <li>Memoria xustificativa segundo formato normalizado.</li> <li>Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación.</li> <li>Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas</li> <li>Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)</li> </ol>

Informe da COAP	COAP	Xullo 2022	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Xullo 2022	
Informe do Consello Social	Consello Social	Xullo 2022	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VOAP	Xullo 2022	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/ SXEG/SXEP/VOAP	1 de setembro a 20 de outubro de 2022	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao MECO (ver apartado c) tramitación)

Acórdase, por asentimento, a proposta.

**9. Aprobación, se procede, da cesión temporal de equipos técnicos a favor da Universidade de Vigo (Grupo COM da Escola de Telecomunicacións).**

O reitor cede a palabra á xerenta. É unha cesión gratuíta temporal de D. Alfonso Fernández Pérez. Non ten gastos de mantemento. Os que poida xerar de reparacións serán a cargo do grupo de investigación, que está de acordo. O reitor agradece ao cedente.

Apróbase, por asentimento, a cesión temporal.

**10. Aprobación, se procede, do Regulamento do Comité de ética de investigación con seres humanos e medio ambiente (CEISHMA) da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen explica que o Regulamento foi aprobado polo CETIC na reunión ordinaria do 14/12/2021 e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica. Pasa a expoñer o regulamento, que foi achegado coa documentación, e que consta da seguinte estrutura:

Artigo 1. Comité de ética para a investigación con seres humanos e medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de actuación. Artigo 3. Adscrición.

Artigo 4. Funcións.

Artigo 5. Composición e nomeamentos. Artigo 6. Normas xerais de funcionamento.

Artigo 7. Presentación e cualificación dos proxectos.

Artigo 8. Documentación e arquivo.

Disposición adicional. Reforma. Disposición final. Entrada en vigor.



Mónica Siota comenta que hai unha errata nunha frase do artigo quinto, sobre a DPD, que actuará con voz e sen voto. A vicerreitora agradece a corrección.

Apróbase, por asentimento, o regulamento.

#### **11. Nomeamento, se procede, dos membros do CEISHMA.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a enumerar os membros do Comité aprobado no punto anterior, e que son os seguintes:

- Presidenta: M<sup>a</sup> Delfina Couce Fortúnez
- Francisca Fariña Rivera
- Gustavo Rodríguez Fuentes
- Susana Álvarez González
- Vicente Romo Pérez
- Carlos Ayán Pérez
- Antonio Villanueva Martínez
- Oscar Veloso Fernández
- Ana Garriga Domínguez (con voz e sen voto)

Apróbanse, por asentimento, os nomeamentos.

#### **12. Aprobación, se procede, do Regulamento interno do Comité de Ética de Experimentación Animal (CEEA/OH).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que expón o seguinte:

O Comité de ética de experimentación animal (CEEA) da Universidade de Vigo está comprometido coa docencia e coa investigación. A súa finalidade é fomentar en investigadores/as, docentes e estudantes de grao e de posgrao o uso responsable e ético dos animais de experimentación (AE) e garantir o uso ético dos animais ante a sociedade e as administracións.

1. O CEEA da Universidade de Vigo está composto por oito persoas nomeadas polo reitor da Universidade de Vigo: un asesor/a de benestar animal, un asesor/a de sanidade animal e seis especialistas con titulación en Benestar Animal, con amplos coñecementos e experiencia que abranguen os principais grupos de animais de experimentación (mamíferos, peixes e aves). O vicerreitor/a de Investigación nomeará un presidente/a e un secretario/a de entre os membros da comisión. Dous dos membros representarán os principais centros de experimentación animal da Universidade de Vigo: o Servizo de Bioexperimentación (SB-UVI) e a ECIMAT (Estación de Ciencias Mariñas de Toralla).

2. Na actuación do CEEA inhibiranse as persoas implicadas de forma directa no procedemento avaliador.
3. Os membros do CEEA respectarán o principio de confidencialidade.
4. Cando se considere oportuno, poderase solicitar o asesoramento de persoas expertas alleas ao comité, as cales tamén deberán comprometerse a respectar o principio de confidencialidade.

#### Funcións do comité

Antigo regulamento: Decreto 296/2008, do 30 de decembro (DOG do 16 de xaneiro de 2009)

As funcións do comité establecidas no Decreto 296/2008, do 30 de decembro, (DOG do 16 de xaneiro de 2009) son as seguintes:

1. Avaliar e informar da idoneidade dos procedementos de experimentación, axustándose á memoria descritiva notificada ou aprobada á que se refiren os anexos XII e XIII do Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro, sobre a “protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos (BOE núm. 252 do venres 21 de outubro de 2005). Nesta avaliación teranse en conta os obxectivos do estudo, a posibilidade de obter conclusións válidas co menor número posible de animais, o nivel de afectación dos animais co fin de que non sexa desproporcionada con respecto aos beneficios potenciais da investigación, a consideración de métodos alternativos á utilización de animais e a idoneidade das especies elixidas.
2. Avaliar e informar sobre a idoneidade e a acreditación de todas as persoas participantes no procedemento.
3. Avaliar a indicación, cando sexa necesario, de analxésicos, anestésicos e outras substancias apropiadas destinadas a eliminar o máximo de dor, de sufrimento ou de angustia, de modo que os animais non sufran innecesariamente.
4. Avaliar a utilización de métodos de sacrificio adecuados.
5. Avaliar o destino dos animais que non sexan sacrificados.
6. Velar polo cumprimento das normas legais e éticas vixentes das instalacións onde se manteñen aos animais.
7. Velar pola formación adecuada do persoal que participa nos procedementos para levar a cabo as tarefas.

#### Funcións do comité no novo regulamento:

As funcións do comité establecidas no Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro (BOE núm.34, do 8 de febreiro de 2013) serán as seguintes:

1. Como órgano encargado do benestar dos animais:
  - a) Asesorar o persoal que se ocupa dos animais sobre cuestións relacionadas co benestar dos animais en canto á súa adquisición, aloxamento, coidado e utilización.
  - b) Asesorar o persoal sobre a aplicación do requisito de substitución, redución e refinamento, e mantelo informado sobre os avances técnicos e científicos na aplicación dese requisito.
  - c) Establecer e revisar os procesos operativos internos con respecto ao control, á comunicación e ao seguimento da información relacionada co benestar dos animais.

d) Asesorar sobre réximes de realoxamento ou de adopción, incluída a socialización axeitada dos animais que vaian a realoxarse ou darse en adopción.

e) Velar polo cumprimento das normas legais e éticas vixentes das instalacións onde se manteñen os animais.

## 2. Como comité de ética de experimentación animal:

a) Avaliar e informar da idoneidade dos procedementos de experimentación, axustándose ao Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e para outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 34, do 8 febreiro de 2013). Nesta avaliación teranse en conta os obxectivos do estudo, a posibilidade de obter conclusións válidas co menor número posible de animais, o nivel de afectación dos animais co fin de que non sexa desproporcionada con respecto aos beneficios potenciais da investigación, a consideración de métodos alternativos á utilización de animais e a idoneidade das especies elixidas.

b) Valorar a idoneidade e a acreditación de todas as persoas participantes nos procedementos. Velar pola formación axeitada do persoal que participa nos procedementos para levar a cabo as tarefas encomendadas.

c) Avaliar a indicación, cando sexa necesario, de analxésicos, anestésicos e outras substancias apropiadas destinadas a eliminar o máximo de dor, de sufrimento ou de angustia, de modo que os animais non sufran innecesariamente; e tamén a utilización de métodos de eutanasia adecuados.

d) Valorar o destino dos animais que non precisen someterse a eutanasia tras a realización dos procedementos.

e) Ademais, elaborará o informe de avaliación dos proxectos para presentarlle á autoridade competente e realizará o seguimento dos proxectos, tendo en conta o seu efecto sobre os animais utilizados e determinando e avaliando os elementos que mellor contribúen á substitución, á redución e ao refinamento.

## 3. Como órgano habilitado:

a) Deberá remitirle un informe anual detallado das súas actividades ao órgano competente, que incluírá como mínimo unha relación de todos os proxectos que teña avaliado e das avaliacións retrospectivas. Toda a documentación deberá terse á disposición do órgano competente durante un período mínimo de tres anos.

b) Conservaranse, por un mínimo de tres anos, os rexistros das recomendacións do comité e das decisións adoptadas en relación coas devanditas recomendacións. Estes rexistros poñeranse á disposición do órgano competente, trala solicitude deste.

En canto ao funcionamento interno:

1. O secretario/a redactará unha acta de cada reunión, que se lles enviará por correo electrónico, con anterioridade á seguinte reunión, a todos os membros do CEEA para que a revisen. Os membros do comité remitiranlle suxestións/recomendacións de correccións ao secretario/a nun prazo máximo de 24 horas. A acta definitiva aprobarase na seguinte sesión e almacenarase na aplicación de xestión do CEEA para a súa consulta por parte dos membros ou da Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, cando sexa preciso.



2. Cando se avalíen os procedementos de manipulación de AE presentados por investigadores/as ou docentes, o comité emitirá un informe favorable ou desfavorable e incluírá, cando proceda, as recomendacións de mellora e as correccións necesarias.

3. Ao final de cada ano, o CEEA realizará un informe global de todas as reunións e das actividades realizadas polo CEEA, que se colgará na sede electrónica da Xunta de Galicia, como compromiso legal do órgano habilitado, e que se remitirá á Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo asemade. Nese informe especificaranse os proxectos avaliados polo CEEA para dar conta ao Comité de ética da investigación (CETIC).

Procedemento de avaliación

A) Procedemento de avaliación

- Envío de novas solicitudes de avaliación. Colgaranse na aplicación de xestión do CEEA (ver anexo IV e solicitar a alta mediante o formulario de datos a [secretariaceea@uvigo.gal](mailto:secretariaceea@uvigo.gal)) ata o día 15 de cada mes. As solicitudes nomearanse como «Formulario de investigación» ou «Formulario de docencia» e irán seguidas da referencia CEEA do proxecto que asigna a aplicación e as iniciais do investigador/a responsable do procedemento con animais. O secretario/a asignará o proxecto a todos ou a parte dos membros do tribunal, dependendo do número de proxectos (establécese un máximo de oito proxectos ao mes en total). Disporase de seis días para facer comentarios e, posteriormente, farase unha reunión presencial ou telemática (terceira ou cuarta semana do mes), dependendo do número de proxectos que estean listos para informar.

- Comunicación das decisións do CEEA. O secretario/a elaborará as resolucións onde incluírá, de ser o caso, as

recomendacións do CEEA; publicaranse na aplicación para a información do investigador/a e, de ser o caso, para a súa revisión por parte deste ou desta.

- Recepción de modificacións e/ou aclaracións. Unha vez colgados os formularios modificados segundo as recomendacións do comité, o secretario/a comprobará que estas se realizaron correctamente (os formularios levarán o nome anterior seguido de v1, v2, v3..., dependendo do número da revisión correspondente e o CEEA disporá dunha semana para facer comentarios á nova versión do formulario.

- As emendas dos proxectos nos que se inclúan cambios maiores e que merezan unha revisión máis exhaustiva volveranse colgar como unha nova solicitude .

- Envío de informes. Os informes CEEA e OH colgaranse na aplicación de xestión do comité para que queden á disposición de todas as persoas interesadas.

Finaliza cun anexo cos membros do comité, que se poderán cambiar sen necesidade de modificar o Regulamento.

Apróbase, por asentimento, o regulamento.

### **13. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que a listaxe (Anexo I) foi achegada xunto co resto da documentación e que se trata dun procedemento automático, por expediente académico,

que xestionan os centros. Pide que se aprobe por asentimento, sen necesidade de dar lectura á longa listaxe, agás que alguén o solicite. Ninguén o fai.

Apróbase a proposta por asentimento.

**14. Nomeamento, se procede, dun membro polo sector estudantes da Comisión de Publicacións.**

O reitor indica que hai unha persoa proposta:

- Mar Nieves Fernández.

Resulta nomeada a persoa proposta, por asentimento.

**15. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:**

- **Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.**

O reitor indica que se presentou a seguinte candidatura: Alexo Breogán Riobóo Lois

*Non é necesario celebrar a votación.*

- **Investigación: 1 estudante.**

*Non se presentaron candidaturas.*

Resulta elixida a persoa que presentou a candidatura.

**16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

Non procede a votación.

**17. Quenda de intervencións**

O reitor abre a quenda de intervencións.

Susana Reboreda pregunta polos premios extraordinarios de mestrado, que non contempla a UVigo pero si outras do SUG, o que xera un agravio comparativo, ao seu ver. O reitor se compromete a analizalo, dado que lle parece unha observación moi acaída.

Xan Cebro lembra que no anterior Consello de Goberno, sobre a base dunha sentenza, preguntoulle á Xerencia sobre o pagamento ao persoal que estivo de baixo e a quen non se lle pagou os incrementos salariais, ao que entende teñen dereito. Lembra que o xoves hai reunión da comisión de funcionarización e que xa lle mandou unha proposta á Xerencia, que respondeu cunha contraproposta e que hai unha discrepancia nun punto moi concreto que agarda se poida resolver para a súa publicación no DOG antes de final de ano. O reitor espera que haxa acordo aínda que non hai presa. A xerenta comenta que é posible o acordo. En canto á primeira pregunta, estase co cambio do programa



de recursos humanos e dado o traballo non foi posible estudalo, así como o envío á Asesoría Xurídica. Tamén habería que ver a cantidade de persoas afectadas, polo que pide que se presenten solicitudes, mais que facelo de oficio. Xan Cebro pide que se prescinda do proceso xudicial, pero a xerenta aclara que a solicitude se faga en vía administrativa. Xan Cebro insiste no acordo da funcionarización, dado que o escollo pensa que é facilmente subsanable, seguindo os exemplos de outras Universidades como a de Granada. A xerenta, en principio, non lle ve problema.

Francisco García Cutrín comenta unha incidencia co servizo de PDI sobre a toma de posesión dunha praza de axudante doutor no seu departamento, respecto da que lle comentaron que, como estaba a cambiar o programa de xestión, non tramitarán o contrato ata o 10 de xaneiro, o que entende que non é xustificable xuridicamente. O reitor agradece a información e indica que se adoptarán as medidas correspondente e pensa que, se está todo rematado, debería tomar posesión xa.

O reitor desexa felices festas, lembrando que se fará un cribado á volta do Nadal.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 11:35 h do día 21 de decembro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

## PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO

### CURSO 2020-2021

En aplicación do establecido no Regulamento aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo na sesión do día 13 de xuño de 2011 e modificado na sesión ordinaria do Consello de Goberno do 22 de maio de 2019, o Consello de Goberno na súa sesión do día 21 de decembro de 2021, acordou conceder os seguintes Premios Extraordinarios de Grao aos que se lle vai entregar a insignia da Universidade:

<b>CAMPUS DE OURENSE</b>	
<b><u>FACULTADE DE CIENCIAS</u></b> Graduada en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Graduada en Ciencias Ambientais Graduado en Enxeñaría Agraria	Laura Gallego García Paula García Souto José Manuel Lorenzo Hermida
<b><u>FACULTADE DE HISTORIA</u></b> Graduado en Xeografía e Historia	Ramón Estévez Barbosa
<b><u>FACULTADE DE DEREITO</u></b> Graduado en Dereito	Pablo Fernández Fernández
<b><u>FACULTADE DE CC EMPRESARIAIS E TURISMO</u></b> Graduada en Turismo Grad. en Administración e Dirección de Empresas	Marta Amboage Lemos Martín González Blanco
<b><u>FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL</u></b> Graduada en Educación Infantil Graduado en Educación Primaria Graduada en Educación Social Graduado en Traballo Social	Paula Durán Fernández Esteban Camba Ferreiro Tania Gándara Suárez Jonathan Quintana Abad
<b><u>ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA</u></b> Graduado en Enxeñaría Informática	Antonio Adrián González Pedrouzo
<b><u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO</u></b> Graduado en Enxeñaría Aeroespacial	Marcos Salgado Rodríguez

**CAMPUS DE PONTEVEDRA**

<b><u>FACULTADE DE BELAS ARTES</u></b>	
Graduada en Belas Artes	Nerea Cordeiro Cerviño
<b><u>FACULTADE DE CC DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</u></b>	
Grad. en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	David Solleiro Durán
Graduada en Educación Infantil	Irene Curra Piñeiro
Graduada en Educación Primaria	Sara Pazo Sousa
<b><u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL</u></b>	
Graduado en Enxeñaría Forestal	Gabriel Eduardo Suárez Fernández
<b><u>FACULTADE DE FISIOTERAPIA</u></b>	
Graduada en Fisioterapia	Olga Grande García
<b><u>FACULTADE DE CC SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN</u></b>	
Graduada en Dirección e Xestión Pública	Iria Núñez Casás
Graduada en Comunicación Audiovisual	Ana Argüelles Blanco
Graduada en Publicidade e Relacións Públicas	Eugenia López González

**CAMPUS DE VIGO**

<b><u>FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN</u></b> Graduada en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Graduada en Linguas Estranxeiras Graduado en Tradución e Interpretación	Violeta González Pérez Mariña Castro Fontao Daniel Alonso Lorenzo
<b><u>FACULTADE DE BIOLOXÍA</u></b> Graduada en Bioloxía	Ainhoa Iglesias López
<b><u>FACULTADE DE CC ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</u></b> Graduada en Economía Graduada en Administración e Dirección de Empresas	Paula Cecilia Gayoso Cova Lara Vázquez Gil
<b><u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN</u></b> Grad. en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Marielena Márquez Barreiro
<b><u>FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO</u></b> Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos Graduada en Dereito	Israel Fernández Ocampo Icía Castro Iglesias
<b><u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA</u></b> Graduado en Enxeñaría da Enerxía Graduado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Xavier Simón Montero Diego Sánchez Franco
<b><u>FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR</u></b> Graduada en Ciencias do Mar	María Fernanda Copete Hernández
<b><u>FACULTADE DE QUÍMICA</u></b> Graduada en Química	Irene Sánchez Sanz
<b><u>ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL</u></b> Graduado en Enxeñaría Eléctrica Graduado en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática Graduada en Enxeñaría en Organización Industrial Graduado en Enxeñaría Química Industrial Graduado en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais Graduado en Enxeñaría Mecánica	Damián Muiño Bello Pablo Marino Fernández Abralde Carlota Hernández García Pablo Blanco Canella Antonio Cela Rego Eduardo Mata Ewy

**CENTROS ADSCRITOS**

<b><u>ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA POVISA</u></b>	
Graduada en Enfermería	Alba Sobrino Rodríguez
<b><u>ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA MEIXOEIRO</u></b>	
Graduada en Enfermería	Emma Rodríguez Pretel
<b><u>ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA OURENSE</u></b>	
Graduada en Enfermería	Silvana Pena Merino
<b><u>ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA PONTEVEDRA</u></b>	
Graduada en Enfermería	Antía Casal Seijo
<b><u>EU DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTAE"</u></b>	
Graduada en Educación Infantil	Clara Isabel Montalvo Galán
Graduada en Educación Primaria	Sara Álvarez Fernández
<b><u>IESIDE</u></b>	
Graduado en Administración e Dirección de Empresas	David Troncoso Garrido
<b><u>CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA DE MARÍN</u></b>	
Graduado en Enxeñaría Mecánica	Eduardo Corral Rozalem